



guía


DE LECTURA

TAMBRE

ALA DELTA 

Casas

Paula Carballeira



TAMBRE EDELVIVES

A obra

Título **Casas** / Autora **Paula Carballeira** / Ilustradora **Minia Regos** / ADA, 26 / 107 páxinas

A autora

Paula Carballeira naceu en Fene en 1972. Licenciada en Filoloxía Hispánica, compaxina os traballos de contos e actriz. Actuou en numerosas series de ficción para a televisión e en montaxes teatrais con diferentes grupos, entre eles a súa compañía Berrobambán. No eido da creación literaria para nenos e mozos, é autora dunha vintena de obras de narrativa, poesía e teatro. Foi Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil en dúas ocasións por *Boas Noites* (2006) e por *O refugallo* (2011).

Argumento

A autora, botando man dos discursos narrativo e poético, ofrece unha viaxe en vinte e un capítulos por outros tantos tipos de vivendas, nas que habitan seres humanos ou animais. Así describe, entre outras, a casa-niño, a casa-piso, a casa do cuco, a casa-tobo, a casa de palla, a casa de papel, a casa de ladrillo, a casa-haima, a casa-iglu, a casa de bonecas, a casa de acollida, a casa de refugallo, a casa-barco ou a casa das estrelas, algunhas delas facilmente recoñecibles na tradición literaria. A esas casas súmanse a variedade de persoas e animais que viven nelas e tamén os sentimentos que os guían.

Comentario

Cun discurso imaxinativo e benhumorado mais non exento de crítica a cuestións sociais, sutilmente tratadas, a autora ofrece vinte e un modelos de casas, cunha ollada caracterizada pola orixinalidade, conxugando narración e poesía, en moitas ocasións, desmontando tópicos establecidos. Vivendas e moradores establecen unha relación de simbiose na que abrangue as emocións e os sentimentos. Desde un punto de vista formal, destacan a pegada da oralidade na linguaxe e o estilo, o recurso a personaxes dos contos populares, o lirismo e a musicalidade dos textos, e o emprego do humor e da fantasía.

Temas

- A necesidade de saber expresar e controlar sentimentos e emocións.
- A valoración da imaxinación, da creatividade e da fantasía.
- A importancia de conservar e de recuperar a literatura de transmisión oral.

Reflexións

A autora ofrece en clave metafórica un auténtico catálogo de casas que, ao igual que os seus moradores, senten e padecen, mostrando que os sentimentos propios inflúen e se reflicten en todo o que nos rodea. Esta cuestión pode axudar o alumnado no seu proceso de aprendizaxe á hora de saber manexar situacións conflitivas e desenvolver estratexias nas relacións sociais. Ademais, tamén se convida a reflexionar sobre outros temas que aparecen apuntados; caso da problemática dos sen teito, do abandono dos animais, da importancia da reciclaxe ou da posibilidade de vida extraterrestre.




Imos despegar.....

1. Atopa as seis diferenzas.



2. Debuxa a túa casa.





En pleno voo

1. Se liches ata o capítulo 10, relaciona cada casa co conto ao que se refire.

CASA ABANDONADA •

• A CABANA DE BABAÍAGÁ

A CASA CON PATAS •

• OS TRES PORQUIÑOS

A CASA DE LADRILLO •

• A BELA DORMENTE

2. Busca no barullo de letras os nomes dos cans de «A casa de acollida».

CHINCHA RABIÑA ROSCO POCHOLO TINTÍN
TRISTE FURIA FÍO AGULLA


C	C	R	A	B	I	Ñ	A	C	U
H	X	V	Z	G	Q	O	N	F	Q
I	X	P	Ñ	H	E	T	I	I	Ñ
N	F	U	R	I	A	F	O	O	T
C	L	L	V	B	M	L	O	P	I
H	O	T	R	I	S	T	E	R	N
A	P	U	O	S	Ñ	L	Q	O	T
V	A	G	U	L	L	A	A	S	I
X	B	O	F	Q	O	U	P	C	N
P	O	C	H	O	L	O	L	O	B

Obradoiro de creatividade

1. Imaxina e describe as casas e os habitantes do planeta Abeba.

As casas do planeta Abeba son...

2. Debuxa unha casa do planeta Abeba.





Suxestións de actividades

Imos despegar

- **A cuberta.** Pedirémolles aos nenos e nenas que observen a ilustración da cuberta e que fagan unha relación das casas que aparecen e doutros tipos de vivendas que coñezan. Logo faremos preguntas como:
 - Quen cres que vive nesas casas?
 - Como é a túa casa?
 - Como son as casas na cidade, vila ou aldea onde vives?
 - Que outro tipo de vivendas coñeces?
- **As casas dos contos.** Faremos un percorrido polos contos populares que coñecemos e anotaremos as casas que aparecen en cada un deles. Podemos axudarnos cos exemplares de contos que teñamos na biblioteca de aula e do centro, examinando as ilustracións que hai das vivendas.

En pleno voo

- **Materiais e sentimentos.** Nesta actividade, ao igual que fai a autora entre as casas e os seus habitantes, trataremos de relacionar materiais de construción reais (arxila, area, lama, latón, cristal, cemento, madeira, palla, canas, pedra...) e outros fantasiosos (chocolate, biscoito, xoias, lambetas...) coas sensacións que nos suxiren, imaxinando o que nos transmitiría unha vivenda realizada con eses materiais.

- **Xogos populares.** No conto «A casa de acollida», na páxina 90, reproducécese unha canción. Pedirémolles aos alumnos e alumnas que traian da casa unha canción de roda, ou de botar sortes, e un xogo popular do tempo de seus pais ou avós. Co material recompilado, realizaremos un libro ilustrado de cancións e de xogos populares.

Aterrando

- **As casas do mundo.** Solicitarémolles aos nenos e nenas que traian información sobre diferentes culturas e as súas vivendas (haima, iglú, tipi, palapa, palafito, etc.). Coa información recollida, realizaremos fichas que conteñan o debuxo das vivendas típicas, unha pequena descrición e o nome dos seus habitantes. Logo colocáremolas xeograficamente nun mapamundi.

Tamén sería interesante facer un percorrido histórico para coñecer os tipos de vivendas característicos de diferentes etapas históricas (por exemplo: castro celta, domus romana, castelo medieval...).

- **Falamos como maiores.** No libro faise referencia a unha serie de temas como a problemática dos sen teito e de non poder ter casa de seu, o abandono de animais, a importancia da reciclaxe para a conservación do medio ou a posibilidade de vida extraterrestre. Organizados en pequenos grupos, suxerímolles aos nenos e nenas que recollan información e preparen debates sobre estas cuestións.



Solucionario

Imos despegar


1.



En pleno voo

1. A CASA ABANDONADA (A BELA DORMENTE);
A CASA CON PATAS (A CABANA DE BABAIGÁ);
A CASA DE LADRILLO (OS TRES PORQUIÑOS).

2.



Aterrando

1. Rufina ⇒ A casa-barco
A tartaruga Kokirakosó ⇒ Coa casa ás costas
A señora Amparo ⇒ Casa Amparo
A avoa lagá ⇒ A casa con patas
A familia Espiñeira ⇒ A casa-tobo
Nano ⇒ A casa de bonecas
Andrés e Patricia ⇒ A casa de acollida

Fragmentsos especiais

Para elas, todos somos iguais: mulleres, homes, nenos ou nenas. Para as casas só somos xente. Iso non quere dicir que non agradezan a caloríña que lles damos ás súas paredes, ou as cóxegas que lles facemos cando varremos os recunchos.
(Páxs. 9-10)

Á señora Amparo encántanlle as historias. A cada persoa que acolle na súa casa pídelle unha, e así é feliz e case eterna, porque din que quen escoita un conto cada noite tarda moito en morrer. Non tes que saber contar contos. Podes tatabexar, dubidar, esquecer algo. Á señora Amparo tanto lle ten. Só quere escoitar a túa historia.
(Páx. 32)

»A toupa mesmo parecía que chiscaba os ollos para dicirme:
»—A terra é grande. A terra é de todos. Vivamos xuntas.
»E convencín a miña familia para botar as mans ao chan e comezar a cavar un tobo.
(Páxs. 58-59)

Se ti foses un can sen dono, queredías ter algunha casa que te acolllese. Ás veces, algunha persoa de alma grande ten unha casa tan grande como a súa alma, e decide acoller nela os cans e as cadelas que foron abandonados en calquera camiño, en calquera estrada, en calquera monte.
(Páx. 85)

Queres a Guía de Lectura doutro Ala Delta?
Solicítala en: info@edelvives.es